



ANUNCIO

Listaxe definitiva de solicitudes admitidas-excluídas 1 praza de psicólogo/a CIM (Proceso de estabilización de emprego temporal), nomeamento membros do tribunal de selección e data de realización fase de concurso.

Pola presente faise público, de conformidade coa base 7º das bases xerais que rexen o proceso selectivo, que esta Alcaldía ditou a resolución 1869/2024 de data 5 de decembro de 2024 que a continuación se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión de 1 praza polo sistema de concurso de psicólogo/a CIM (proceso de estabilización de emprego temporal).

Departamento Recursos Humanos

EXPEDIENTE: 2022/E001/000025

Visto o expediente que se tramita para os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Santa Comba incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, relativas a:

-1 praza de psicólogo/a CIM(sistema de concurso),
cuxas bases foron aprobadas por resolución de alcaldía núm 1770/2022 do 27 de decembro de 2022.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm 247 de 30 de decembro de 2022; no TEU e a título informativo e complementario na páxina web municipal.

No BOP número 38 de 24 de febreiro de 2023 publicouse unha corrección de erros sobre as bases xerais e específicas.

O anuncio do extracto da convocatoria foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 82, de 28 de abril de 2023.

A listaxe de solicitudes admitidas e excluídas foi aprobada por resolución de alcaldía número 293/2024 de data 29 de febreiro de 2024 e publicada no bop número 54 de data 15 de marzo de 2024.

Non houbo ningún tipo de alegación presentada no prazo de dez días hábiles contados dende a publicación no BOP da listaxe provisional.

Por todo elo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE,

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de psicóloga/o (sistema de concurso), do seguinte xeito:

RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego
Fernández Landeira, Ana Belén	***2559**	Si

RELACIÓN DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS/AS

Ningún/ha

Segundo.- O tribunal de selección estará composto por:

Presidenta:

María Magdalena Ordóñez Villar, funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba.

Vogais:

Herminio Blanco Agra, persoal laboral fixo do Concello de Santa Comba.

Cristina Pereira Ulla, persoal laboral fixo do Concello de Santa Comba.

Ángela María Viqueira Allo, secretaria-interventora do Concello de Arca (O Pino).

Secretaría do tribunal:

Luz María Vieito Díaz, funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba.



Terceiro.- Convócase ao tribunal de selección para a constitución do mesmo o vindeiro 12 de decembro de 2024.

Cuarto.- Publíquese a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico e a título informativo e complementario na páxina web municipal.

Quinto.- Dar conta ao Pleno da Corporación Municipal na vindeira sesión que se celebre.

Santa Comba

O alcalde,

Dou fe, A secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada"

Santa Comba, 5 de decembro de 2024

O Alcalde

Alberto Romar Landeira